



Documentación necesaria para a colexiación on line

- DNI escaneado (as dúas caras).
- Fotografía modelo carnet de identidade (arquivo de imaxe: jpg...).
- Título (ou certificado substitutorio do Título) de Licenciado/a, Graduado/a en Bioloxía, Ciencias Naturais, Ciencias (Sección Biolóxicas) ou Ciencias Biolóxicas (expedido pola Universidade Española de referencia ou homologado polo Ministerio de Educación español). (*) (**)
- Impreso de domiciliación bancaria, **asinado con certificado dixital**, onde se cargarán os recibos semestrais de colexiación. (*)
- Documento xustificativo do pago (transferencia bancaria) da cota de inscrición e cota semestral. No momento da solicitude de alta aboarase a cota de inscrición que corresponda (15,00 € se fai menos dun ano desde a finalización dos estudos; 35,00 € se fai máis dun ano) e a parte proporcional do semestre da cota de colexiación, a razón de 5,00 €/mes a cota reducida (situación de desemprego) e 12,5 €/mes graduados/as fai mais dun ano ou 6,25 graduados/as nos derradeiros 12 meses.
- Unha vez colexiado/a a cotas anuais dos seguintes semestres faranse efectivas en recibos semestrais (a cobrar en xaneiro e xullo de cada ano). O Colexio comunicará o cobro nos boletíns semanais con (mínimo) 15 días de antelación a emisión do correspondente recibo.

En todos os casos o arquivo non será maior de 2Mb.

O importe (cota inscrición+cota semestral proporcional) deberá facerse efectivo mediante transferencia a conta:

IBAN ES93 2080 3114 1130 4000 7428

(ABANCA, Avda. de Ferrol, Santiago de Compostela).



Colexio Oficial de Biólogos de Galicia

- No seu caso, DARDE ou Certificado de Situación Administrativa ou Informe de Períodos de Inscripción, expedido pola Oficina de Emprego correspondente. En todo caso, con data actualizada.

A Colexión será efectiva unha vez cumpridos os requisitos establecidos pola Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (Estatutos do Colexio, art. 9º.- *Solicitudes de colexiación.* <http://www.biologosdegalicia.org/estatutos.html>) O Colexio poderá solicitar as emendas á documentación que considere necesarias.

Unha vez recibida e comprobada a documentación e o pago, o Colexio extenderá un xustificante cun número provisional de colexiado/a.

(*) A autenticidade da identidade do solicitante verificarase mediante a sinatura electrónica dos documentos indicados. Recoméndase a utilidade para sinatura dixital de documentos AutoFirma <http://firmaelectronica.gob.es/Home/Descargas.html> . De non poderse presentar por este medio o Colexio poderá solicitar a súa presentación presencial ou por correo postal segundo o especificado na web para a colexiación por este medio. <http://www.biologosdegalicia.org/formularios.html>

(**) A colexiación polo procedemento on line quedará a expensas da verificación do título no Registro Nacional de Títulos do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, de conformidade co disposto na Ley 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sostenible, na súa Disposición Adicional Segunda relativa ao acceso á información do Registro Nacional de Títulos Universitarios e de conformidade co artigo 11.1 da Ley Orgánica 15/1999, de Protección de datos de carácter persoal. De non ser posible a verificación deberá aportarse o título orixinal de xeito presencial ou por correo postal copia compulsada por un notario (única e exclusivamente).